

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DO ALUMNADO DO “MÁSTER PROPIO EN MEDICINA ORAL, CIRURXÍA ORAL E IMPLANTOLOXÍA”.

En Santiago de Compostela, 27 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 316 e 317/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra parte, **D. Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da mesma en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense mutuamente plena capacidade legal para a firma da presente addenda e

MANIFESTAN

Primeiro.- Que en data 27 de abril de 2017 a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela subscribiron un Convenio de colaboración para a realización de prácticas do alumnado do “Máster propio en medicina oral, cirurxía oral e implantoloxía”.

Segundo.- Que na cláusula decimo terceira do Convenio previuse que o mesmo tería unha duración de catro anos, prorrogable por catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes.

Á vista do anterior, as partes

ACORDAN

Primeiro.- Prorrogar a duración do Convenio por outros catro anos máis, prazo que se computará a partir do día 28 de abril de 2021 e ata o 27 de abril de 2025.

Segundo.- O resto das cláusulas contidas no Convenio permanecerán inalteradas.

E en proba de conformidade e de aceptación, as partes asinan o presente acordo de prórroga, en duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O Conselleiro de Sanidade e Presidente
do Servizo Galego de Saúde**


Don Julio García Comesaña

**O reitor da Universidade de Santiago
Compostela**


Don Antonio López Díaz